



ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL DO CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 1º.- Fundamento xurídico e natureza da taxa

1.- A presente ordenanza fiscal regula a taxa pola participación en procesos de selección de persoal do Concello de Barbadás, en calquera das súas modalidades.

2.- A imposición da taxa faise no exercizo da potestade tributaria que os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española confiren ás entidades locais, e segundo os artigos 4.1.b) e 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os artigos 15 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito Impoñible

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a participación nos procesos selectivos de persoal funcionario e persoal laboral que convoque o Concello de Barbadás, por quenes soliciten a participación nas correspondentes probas ou sistemas de selección que se establezcan, nos seguintes casos:

- Procesos de selección de acceso á condición de funcionario de carreira ou funcionario interino
- Procesos de selección de acceso á condición de persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal
- Procesos de selección de postos de traballo destinados á formación de bolsas de emprego, listas de chamamento ou similares.

2.- Non estarán suxeitos

Artigo 3º.- Devindicación e pago.

1.- A devindicación da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición ou participación como aspirante nos procesos selectivos, probas ou sistemas enumerados no artigo 2.

2.- O pagamento da taxa efectuarase durante o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso, segundo o establecido nas respectivas convocatorias.

Artigo 4º.- Obrigados tributarios

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuinte, as persoas físicas que soliciten a inscrición ou a participación como aspirante nos procesos selectivos, probas ou sistemas enumerados no artigo 2.



Artigo 5º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria consiste nunha cantidade fixa sinalada, determinada en función do grupo ou subgrupo de clasificación e da modalidade de proceso selectivo que corresponda, segundo os seguintes parágrafos.

2.- No caso dos procesos de selección para a adquisición da condición de funcionario de carreira, funcionario interino, persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal, serán de aplicación as seguintes cota:

1. Categoría primeira: acceso a Corpos ou Escalas do grupo A ou categorías de personal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo A subgrupos A1 e A2: cota de 40 euros.
2. Categoría segunda: acceso a Corpos ou Escalas dos grupos B e C ou categorías de personal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo B e Grupo C, subrupos C1: cota de 30 euros.
3. Categoría terceira: acceso a Corpos ou Escalas dos grupos D e E ou categorías de personal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo C, subgrupo C2 e coa Disposición Adicional Sexta do EBEP, Agrupación Profesional: cota de 20 euros.

3.- No caso de procesos de selección de postos de traballo destinados á formación de bolsas de emprego, listas de chamamento ou similares.

1. Categoría primeira: acceso a Corpos ou Escalas do grupo A ou categorías de personal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo A subgrupos A1 e A2: cota de 20 euros.
2. Categoría segunda: acceso a Corpos ou Escalas dos grupos B e C ou categorías de personal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo B e Grupo C, subrupos C1: cota de 15 euros.
3. Categoría terceira: acceso a Corpos ou Escalas dos grupos D e E ou categorías de personal laboral asimilables, que se corresponde co establecido no artigo 76 do EBEP, Grupo C, subgrupo C2 e coa Disposición Adicional Sexta do EBEP, Agrupación Profesional: cota de 10 euros.

Artigo 6º.- Bonificacións

1.- Terán unha bonificación do 50% das cotas tributarias previstas no artigo 5º, os contribuintes que estén nalgunha das seguintes situacións:

a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que permita desenvolver as funcións ás que opte e se acredite mediante a certificación ou documentación equivalente emitida polo organismo competente en materia de discapacidade.

b) Persoas que acrediten estar en situación de desemprego, sempre que estivera nesta situación, alomenos, 30 días naturais antes da data de publicación da respectiva convocatoria e se acredite mediante a certificación ou documentación equivalente emitida polo organismo competente en materia de desemprego.

c) Persoas que formen parte dunha familia numerosa de calquera categoría, sempre que se acredite mediante o título ou documentación equivalente



Concello de Barbadás

emitida polo organismo competente.

2.- As anteriores bonificacións non son acumulables entre sí. Cando un contribuinte estea en máis dunha situación poderá optar por aquela que considere, pero so por una delas.

3.- A acreditación das circunstancias anteriores mediante a presentación da correspondente documentación farase nos lugares e prazos indicados nas respectivas convocatorias.

Artigo 7º.- Xestión da taxa

1.- A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación.

2.- A autoliquidación realizarase mediante o impreso normalizado que, a tal fin, será facilitado como Anexos das correspondentes convocatorias e na Sede Electrónica do Concello de Barbadás.

3.- Co impreso, debidamente cumprimentado, deberá procederse ao ingreso nas entidades bancarias autorizadas no propio modelo.

4.- O impreso normalizado debidamente formalizado mediante selo ou validación mecánica da entidade bancaria servirá como xustificante do pagamento, para a acreditación do mesmo no correspondente proceso.

5.- O importe consignado como cota tributaria, consonte aos artigos 5º e 6º anteriores, será comprobado como requisito na admisión dos aspirantes ao proceso selectivo xunto co resto de xustificantes e documentos esixidos.

6.- Aos efectos do artigo 221.1.d) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, procederase á devolución da taxa cando, por circunstancias non imputables ao contribuinte, non se realice o feito impoñible da mesma. Porén, non procederá devolución algunha da taxa nos casos en que se produza a exclusión do proceso selectivo por causa imputable ao contribuinte, entre outros, nos seguintes casos

- Cando exista falta de presentación de documentación acreditativa dunha bonificación ou dos requisitos esixidos pola convocatoria para a súa admisión.

- Cando exista incomparecencia do contribuinte ás probas que esixan participación presencial.

7.- Cando proceda a devolución do importe da taxa o Concello de Barbadás practicará a mesma de oficio. A tal fin, no impreso normalizado o contribuínte indicará un número de conta bancario no que desexa que lle sexa abonada a devolución. A falta de consignación do número de conta implicará que a devolución so se fará efectiva a instancia do contribuinte, previa solicitude e acreditación dos cumprimentos legalmente esixibles.

Artigo 7º.- Réxime de infraccións e sancións.

1.- En todo relativo áo réxime de infraccións e sancións, estarase ao disposto no Título IV da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.



Concello de Barbadás

Disposición final.- Entrada en vigor.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.